

EXCAVACIÓN DOS CASTROS DO MARCO E DE CARTIMIL NO VAL DO DEZA

Por Luis Xulio CARBALLO ARCEO

Delegación Provincial da Consellería de Cultura. Pontevedra

Resumo: Excavación de los castros de Marco y de Cartimil en el valle del Deza. Se exponen los resultados de las excavaciones arqueológicas realizadas en dos castros de la Galicia interior, situados a tan sólo 300 m. de distancia. Ambos yacimientos presentan una cronología corta, centrada en los dos últimos siglos anteriores al cambio de era, y en las primeras décadas después de ésta. Su contemporaneidad durante el siglo I a.C., unida a su gran proximidad geográfica, plantean importantes datos en torno a la agrupación y jerarquización de los poblados fortificados en la Edad del Hierro.

Abstract: Excavation of the hillforts of Marco and Cartimil in the valley of Deza. We deal in this paper with the results of the archaeological diggings undertaken in two «castros» of inland Galicia, placed at 300 m., of each other. Both sites show a short life span, focusing on the last two centuries BC and the beginnings of the 1st century AD. Their chronological overlapping during the s. I BC, together with the spatial proximity put forward interesting issues with regard to the clustering and hierarchisation of Iron Age hillforts.

Palabras clave: Edad del Hierro tardía, Noroeste de la Península Ibérica. Castro.

Key words: Later Iron Age. NW Iberia. Hillfort.

INTRODUCCIÓN¹

A excavación do castro do Marco e de Cartimil inscríbese nun proxecto de estudo da cultura castrexa na bacia média do río Ulla iniciado no ano 1985. Oriéntouse o mesmo cara a definición das pautas de distribución espacial dos castros en base a determinados parámetros relacionados co meio natural, e en función da análise de variabilidade do proceso cultural. En última instancia tratábase de discutir as posíbeis causas de modificación dalguns comportamentos culturais, dentro dunha perspectiva diacrónica.

Os traballos de campo combinaron a prospección da rexión xeográfica estudada coa excavación selectiva dos castros comprendidos nunha pequena área, topográficamente ben definida. Esta ocupa unha parte da vertente esquerda do Val do río Deza, en términos do concello de Silleda, e aparece enmarcada, por unha banda, pola Serra do Candán, Monte Chamor e as súas estribacións, e por

¹ Este traballo foi presentado como comunicación ao IV coloquio Galaico-Miñoto, celebrado en Lugo, no mes de setembro de 1990, e dende entón non foi publicado. Pese ao tempo transcurrido, mantemos a redacción daquela data, con pequenas anotacións.

outra, polo río Deza. Ai, situáanse seis castros, dos que só puideron ser excavados cinco a traves dunha serie de sondaxes significativas.

Na área xeográfica definida converxen unha serie de factores que posibilitan considerar aos castros excavados como representativos, en boa medida, da evolución da cultura castrexa na bacía media do río Ulla. En primeiro lugar, o relativo agrupamento dos cinco castros (300 m., os máis próximos, e 2'5 Km., os máis distantes) favorece o estudo do proceso de ocupación duns e de abandono doutros. En segundo lugar, o emprazamento topográfico que ocupan os povoados é variado: 1) ao pé dunha ladeira de pendente suave (castros do Marco, Cartimil e Cortegada), 2) nunha pequena lomba (As Orelas), e 3) nun cerro de fortes pendentes (Montaz). Esta circunstancia permitiría confirmar a hipótese da súa pertencencia a épocas diferentes. Por último, a grande proximidade de tres dos castros (O Marco, Cartimil e Cortegada), unido ás diferentes dimensións dos mesmos, e tendo en conta o factor tempo, permitirán obter un maior número de datos con vistas a analizar a posíbel existencia dunha xerarquia de asentamentos, ou dunha primacía ou especialización de funcións.

En base aos resultados da excavación sábese que en torno ao Bronce Final/inicios da Idade do Ferro unicamente puido estar ocupado o castro Montaz, aínda que este feito non foi confirmado con seguridade. A partir do S. IV a.C., son ocupados os castros de Cortegada e As Orelas, e continúa habitado Montaz. Por último, en torno a fins do S. II a.C./comenzos do S. I a.C., surxen os castros do Marco e de Cartimil, e unicamente parece ser abandonado en grande parte o castro de Cortegada, dos tres existentes con anterioridade.

Os castros do Marco e de Cartimil ocupan unha posición central no conxunto do Noroeste peninsular (Fig. 1). Pertencen ambos á parroquia de Siador, do concello de Silleda (Pontevedra). As súas coordenadas xeográficas son as seguintes: 42° 40' 37" latitude N., 8° 14' 18" lonxitude W., para o castro do Marco, e 42° 40' 25" latitude N., e 8° 14' 08" lonxitude W., para o de Cartimil. Os dous están situados a unha latitude de 570 m.

Tanto un coma outro castro presentan un emprazamento topográfico na parte inferior dunha ladeira de pendente suave; de aí que as súas condicións naturais de defensa sexan moi reducidas. Dominan por altura tres lados, pero é doadamente accesíbel pola parte superior da ladeira.

A visibilidade desde ambos castros é moi semellante, e igualmente corta, xa que nun rádio de 1 Km., o do Marco controla un 41 % do territorio e o de Cartimil un 48 %. Por outra parte, a área de dominio visual oríentase preferentemente na dirección da pendente da ladeira.

Existen abundantes terras con capacidade agrícola nas proximidades de ambos castros en todo o seu contorno, aínda que son máis numerosas as localizadas na parte inferior da ladeira. Na actualidade estes castros ocupan unha franxa de transición de dous dominios agrários: un de monte baixo e arvoredo, na parte alta da ladeira, e outro de terras de cultivo, na parte inferior. Salvadas as distancias temporais, esta observación expresa ben a realidade da capacidade productiva dos solos, e suxire a situación das terras que foron cultivadas máis intensamente na época castrexa.

Non existe nengun curso de auga (río ou regato) nas proximidades dos castros, en contra dunha opinión moi xeneralizada que considera esa relación como

un dos rasgos característicos do emprazamento dos castros galaicos. Existe unicamente un regato a algo máis de 1 Km., de distancia, pero non creemos que fose a fonte habitual de abastecimento de auga, senon que ésta puido ser obtida de varios manantiais situados nas veciñanzas dos dous povoados.

Os castros do Marco e de Cartimil ocupan unha boa posición respecto á via natural de comunicación que segue lonxitudinalmente, en dirección N.-S., o val do río Deza. Esa via é aproveitada precisamente por un camiño real —medieval ou moderno—, e pola estrada de Silleda ao Carballiño.

A distancia que separa aos dous castros é de tan só 300 m., razón pola que a súa posición xeográfica en relación ás vías naturais de comunicación e aos recursos económicos locais, é a mesma.

Ainda que noutro lugar (Carballo, 1986: 44-46) se teñen exposto as características dos dous castros estudados, imos resumir aquí os principais aspectos do seu sistema defensivo.

O castro do Marco posúe un único recinto de forma ovalada (Fig. 2), defendido en todo o seu perímetro por unha muralla aterrada. Polo lado oriental existen indicios dun posíbel foxo; neste caso este elemento defensivo exterior non se localizaría no lado máis desguarnecido naturalmente (o occidental), como é norma predominante nos castros galaicos. Existe unha entrada —de aspecto antigo— ao recinto pola parte E.N.E. O recinto abranguido pola muralla ocupa unha superficie de 0'69 Ha.

Contrariamente, o castro de Cartimil presenta unhas características algo diferentes. Posúe, en primeiro lugar, dous recintos, de diferente forma e tamaño. O recinto superior, de forma aproximadamente circular, está defendido en todo o seu perímetro cunha muralla (Fig. 3). Pola parte oriental adócese un recinto inferior de maiores dimensións, que está defendido igualmente cunha muralla. O sistema defensivo de ambos refórzase ao exterior, no lado máis desguarnecido naturalmente, con dous foxos e un parapeito intermedio. As entradas posiblemente antigas a ambos os dous recintos localízanse na parte N.E. (a superior) e S.E. (a inferior).

No seu conxunto, o castro de Cartimil ocupa unha superficie de 2'18 Ha., das que 0'47 Ha., corresponden ao recinto superior, e 1'71 Ha., ao inferior. Resulta, por tanto, que a suposta área habitábel do xacemento triplica en tamaño á do Marco.

A EXCAVACIÓN DOS CASTROS DO MARCO E DE CARTIMIL

Como xa se ten dito anteriormente para o conxunto de castros do val do Deza, coa excavación dos castros do Marco e de Cartimil, realizada no ano 1985, perseguíanse os seguintes obxetivos esenciais: 1) o rexistro da secuencia estratigráfica completa, 2) a obtención de datos para o estudo do paleoambiente e da economía, e 3) a posibilidade de aclarar algun aspecto relativo ás diferentes funcións de cada un dos povoados. Estes obxetivos devían ser cobertos, por outra parte, coa intervención na menor superficie posíbel. De aí que a elección do número e localización das sodaxes a realizar fose unha cuestión moi importante.

Como norma xeral, as sondaxes distribuíronse en función de tres factores: 1) lonxe dos afloramentos rochosos existentes na actualidade no interior do poboado, 2) nas proximidades da muralla, como sector máis protexido da erosión, e 3) nos puntos máis baixos en altitude. Dese xeito, obtivéronse unhas áreas de previsível maior potencia estratigráfica, onde supostamente a sedimentación natural sería máis forte, e por conseguinte, estarían mellor conservados os niveis arqueolóxicos. Este planteamento puido ser realizado en O Marco, pero non en Cartimil, xa que aquí o mesto e alto mato que cobraba o xacimento, facía moi costosa tal pretensión.

Por outra parte, procurouse que as sondaxes estivesen distanciadas, co obxecto de controlar a máxima superficie posíbel. Por esa razón, se ben no castro do Marco a superficie real excavada no seu conxunto só alcanza 28 m², en realidade a superficie controlada é como mínimo de 63 m². Neste caso que a secuencia estratigráfica obtida é representativa da totalidade do asentamento.

En cambio, no castro de Cartimil os resultados son máis inseguros, debido ao feito de non ter podido escoller libremente as sondaxes, e a que foi excavada unha superficie lixeiramente menor ca do Marco, cando as dimensións daquel poboado son moi superiores ás deste.

No recinto superior do castro de Cartimil as sondaxes excavadas ocupan unha superficie de só 8 m², aínda que área controlada abrangue aproximadamente 21 m². No recinto inferior excavouse unha maior superficie (16 m²), en consonancia co tamaño superior do mesmo, e calculamos nuns 93 m², como mínimo, o sector controlado. En resumo, hai que admitir que a secuencia estratigráfica obtida neste castro pode non ser representativa do conxunto, aínda que non o cremos provábel.

CASTRO DO MARCO

Cos planteamentos atrás mencionados, realizouse un corte discontinuo na parte Sureste do castro, perpendicular á muralla (Fig. 2). O módulo de excavación empregado foi unha cuadrícula de 2x2 m., aínda que en realidade tomouse como base unha cuadrícula teórica en referencia de 4x4 m.

Estratigrafía e restos arquitectónicos

Na área excavada non se localizou nengunha estrutura arquitectónica de pedra ou de barro, nen tan siquera sinais de derrumbe nos perfís periféricos, que puideran indicar a existencia de construcións próximas. Unicamente no extremo oriental da cuadrícula D-15 se atoparon restos da muralla que cerra ao castro, no punto onde o exame da superficie do terreo facía prever. Esta muralla está formada por un terraplén exterior de xabre e pedras pequenas, inclinado cara o exterior do poboado, e por un pequeno muro de contención interno, formado por pedras dispostas irregularmente en seco (Fig. 4). O mesmo posúe unha anchu-

ra máxima de 90 cm., e alcanza só uns 35 cm., de altura. No lado meridional este muro encóntrase destruído.

En todas as cuadrículas excavadas aparece unicamente un nivel de ocupación claro, formado por un piso corrido de terra. No cuadrante S.E., da cuadrícula E-15 localizouse a base dun muiño circular de mao (Fig. 4), enriba do piso.

A estratigrafía do sector excavado é bastante simple, aínda que a súa potencia, como era de esperar, aumenta desde 0'45 m. no extremo occidental, a 1'55 m. nas proximidades da muralla. Posiblemente a estratigrafía se encontre algo alterada polos abundantes tobos de animais, aínda que non se pode observar en toda a súa magnitude. Distinguíronse catro capas (Fig. 5):

· CAPA 1: Terras superficiais húmicas, soltas, e de cor castaño escuro. Apenas contén pedras. Exténdese por todo o sector excavado. A súa potencia varía de 7 a 57 cm. Recolléronse cerámicas indíxenas, un fragmento de cerámica comun romana e unha doa de pasta vítrea con decoración oculada.

· CAPA 2: Terra solta de cor castaño escuro, algo máis claro que o anterior. Presenta carboncillos, pero case nengunha pedra. O seu espesor oscila entre 17 e 95 cm. Apareceu cerámica indíxena, un anaco de cerámica comun romana, outro dunha moa de muiño circular, e unha afiadeira de xisto.

Na base deste nivel, dentro da cuadrícula E-15, foi recollida unha mostra de carbón vexetal (coordenadas: $x=2'25$, $y=0'30$, $z=1'64$ m.) para a súa datación por C-14 no Instituto de Química Física «Rocasolano» de Madrid².

O seu resultado é o seguinte: CSIC-791: 2.030 ± 50 B.P. (80 a.C.). Data calibrada 180 a.C.-70 d.C. (Carballo e Fábregas, 1991: 253).

· CAPA 2A: Grupo compacto de madeiras carbonizadas, situadas inmediatamente por riba das terras desmoronadas da muralla na cuadrícula D-15, que foron queimadas in situ. Unha mostra deste carbón vexetal (coordenadas: $x=2'00$, $y=0'50$, $z=1'67$ m.) foi datado por C-14: CSIC-790: 2.050 ± 50 B.P. (100 a.C.). Data calibrada: 190 a.C.-60 d.C. (Carballo e Fábregas, 1991: 253).

· CAPA 3: Nivel de terras do terraplén defensivo. Está formado por xabre gris claro mesturado con pequenas pedras, e algunha bolsada de terras de cor castaño escuro. Presenta un grosor comprendido entre 1'05 e 1'37 m. Apareceu un único fragmento de cerámica indíxena.

· CAPA 4: Terra compacta de cor castaño amarelento, con algúns carboncillos. Corresponde ao nivel de ocupación do castro, que se estende por todo o sector, debaixo da capa 2, e parcialmente indíxena e unha base de muiño circular de mao. Debaixo desta capa existe un nivel de pedras de tamaño grande e mediano e un horizonte edáfico de terra amarelenta, resultado de alteración da rocha base.

Materiais arqueolóxicos

Salvo unha doa de pasta vítrea azul mariña con decoración oculada branda, e tres artefactos líticos (dous muiños e unha afiadeira), o resto do material é cerámico (Fig. 6 e 7). Con todo, este é bastante escaso en relación ao aparecido nou-

² Quero agradecer a este Instituto, e especialmente ao Dr. Fernán Alonso, o interese na datación de varias procedentes dos castros excavados no val do Deza durante os anos 1985 e 1986.

tros castros da zona. Unicamente se rexistran dous fragmentos de cerámica común romana (Fig. 6, 46) nos niveis superiores; o resto é de fabricación a mao ou a torno lento.

A cerámica castrexa, desde o punto de vista técnico, presenta unha cocción de tipo oxidante na maioría dos casos, aínda que tamén se manifesta a de tipo reductor. As súas pastas posúen maioritariamente desengordurantes de calibre medio ou basto. Exteriormente, os vasos cerámicos aparecen tratados maioritariamente mediante espatulado (un 44 % dos casos), ou un alisado con outro instrumento (37 % das cerámicas). En menores proporcións encóntrase un acabado por cepillado (11 %), afinado (5 %) e brunido (3 %).

Non se aprecian diferencias tipolóxicas ou técnicas entre as cerámicas das diversas capas, senon que forman un conxunto moi unitario. Dentro das formas cerámicas predominan os bordes esvasados, de labio redondeado, cunha liña aristada interior (Fig. 6, 22-36-37). Nun caso (Fig. 6, 28) obsérvase unha dobre arista. Outro grupo de bordes moi frecuente é aquel que presenta unha forma esvasada e labio redondeado (Fig. 6, 34-38). Por último, existen contados exemplares de bordes esvasados e ensanchados, rematados nun labio plano oblícuo (Fig. 6, 33-39).

Entre as decoracións predominan de xeito maioritario as decoracións de liñas brunidas, ben formando retícula, ben cun trazado vertical (Fig. 7). Esta técnica decorativa vai asociada xeralmente a unha superficie exterior espatulada ou afinada. Salvo en dous casos excepcionais (Fig. 7, 60-61), esta decoración sempre se realiza na superficie externa dos vasos.

Aparecen tamén outras técnicas decorativas, como a plástica, a impresión e a incisión. Entre as decoracións plásticas existen cordóns apuntados (Fig. 7, 51), e liñas de perlas impresas sobre cordón (Fig. 7, 47-48-49); éstas van asociadas nun caso (Fig. 7, 49) a sigmas estampilladas. Existen tamén impresións circulares (Fig. 6, 23), e características liñas incisivas verticais na cara externa dun borde (Fig. 7, 57).

Salvo un posíbel fondo realizado (Fig. 6, 45), os restantes teñen a base plana.

Interpretación dos datos

Tense dito anteriormente que o emprazamento topográfico do castro do Marco presenta unhas condicións naturais de defensa pouco favorábeis. A isto hai que unir a pouca envergadura das defensas artificiais, tanto no concerne á altura como a estrutura das mesmas. En efecto, a muralla só alcanza unha altura de pouco máis de 1 m., pola cara interna, e, a pesar de que pola externa chega a preto de 3 m., a súa estrutura aterraplada permitiría un acceso relativamente fácil ao poboado desde o exterior. Parece, por conseguinte, que a función defensiva é aquí moi secundaria; e a muralla, máis que un elemento eminentemente defensivo, pode posuír outros significados, xa sexan simbólicos, xa estean relacionados coa delimitación dun espazo habitado. Unha interpretación na mesma liña para as murallas doutros castros ten sido realizada por algúns arqueólogos (Almeida, 1977: 23-24. Calo e Soeiro, 1986: 26).

Este tipo de murallas aterraplanadas é coñecida noutros castros na bacia média do Ulla (Cortegada, As Orelas, Madriñán, etc.), aínda que cun muro pétreo de contención interna de maior altura e de construción máis esmerada. A súa cronoloxía é claramente prerromana, aínda que de momento non é posíbel data-la máis atrás do S. III a.C., momento en que se sitúa a do castro de Cortegada.

Un segundo resultado a ter en conta é a ausencia de construcións no sector excavado. Este factor, unido á relativa escasez de cerámicas aparecidas en comparación con outros castros da zona, permite plantear a hipótese dunha ocupación menos densa no poboado do Marco, senon presenta, tal vez, unhas características especiais, que estamos lonxe de conocer. De calquer xeito, hai que ser prudentes nas apreciacións sobre a utilización do espazo interior do castro, xa que a superficie excavada é bastante reducida.

Xunto á relativa baixa cantidade de fragmentos cerámicos atopados, hai que destacar a total ausencia de calquer anaco de metal, e a escasez de materiais de pedra. Frente ás duras pezas de muiño circular e unha afiadeira aparecidos no castro do Marco, hai que reseñar os dez artefactos pétreos recollidos no castro de Cartimil, cando neste derradeiro se excavou unha superficie algo menor. Máis que un resultado fruto do azar, cremos que estes datos poden ter un especial significado, que de momento descoñecemos.

O feito de que a muralla se asente sobre un nivel onde aparecen algúns fragmentos de cerámica, non significa necesariamente que o poboado tivese unha primeira fase sen amurallamento. Máis ben, outros datos parecen apuntar para a erección das defensas pouco despois de habitar o lugar.

As cerámicas do castro do Marco definen ben a fase final da cultura castrexa na zona; pero, máis que as formas, son as decoracións as que marcan algúns dos rasgos característicos desta fase. Hai que anotar, en primeiro lugar, os vasos con decoración de perlas (Fig. 7, 47-48-49), que aparecen en toda Galicia (Carballo, Naveiro e Rey, 1988: 173) e no Norte de Portugal (Almeida, 1974: 188. Silva, 1986: 133). No Monte Mozinho están documentados en niveis do S. I d.C., (Almeida, 1977: lam. XVII), e no castro de Baroña (Calo e Soeiro, 1986: 20) nun nivel de mediados do S. I a.C., até finais do S. I d.C. A pesar de ser unha decoración bastante frecuente, non se poden extraer demasiadas conclusións cronolóxicas das publicacións hoxe existentes, xa que ou ben se trata de achados fortuitos, ou ben de excavacións antigas.

Outra decoración característica da fase final dos castros son as estampillas de sigmas que presenta unha das cerámicas (Fig. 7, 49); neste caso asociada a unha decoración perlada. Na opinión de Rodríguez Puentes (1986: 210) este motivo de estampilla é posterior ao S. II a.C., ou provabelmente ao S. I a.C. No castro de Sta. Trega está ben documentado na primeira metade do S. I d.C. (Peña, 1986: lam. 19).

Na decoración cerámica predomina de forma maioritaria a brunida, tanto con liñas verticais como formando retícula. Esta técnica decorativa, en cambio, non é so característica da fase final dos castros, posto que na bacia média do Ulla xa aparece rexistrada desde o S. IV a.C. A pesar de todo, existe un predomínio das cerámicas lisas sobre as decoradas.

Entre os bordes das cerámicas hai que resaltar un único fragmento de borde cunha característica decoración de liñas verticais incisas pola cara exterior (Fig. 7, 57), porque é moi frecuente en castros da fase final, como Neixón Grande (Rey, 1983: Fig. 2), Vigo (Hidalgo, 1983: Figs. VI-VII), ou Baroña (Calo e Soeiro, 1986: 20); este derradeiro cunha cronoloxía comprendida entre o S. I a.C., e o S. I d.C. Aínda que, debido ao pequeno tamaño do fragmento, non sabemos con exactitude se corresponde á mesma forma que a documentada nos xacementos citados, pertence sen dúbida á mesma familia de bordes reforzados que presentan unha distribución centrada nas rias galegas (Carballo, Naveiro e Rey, 1988: 172).

Os bordes predominantes, e que lle confiren certa personalidade a rexión onde se localizan, son os que presentan unha liña aristada interna. Son moi abundantes nalgúns castros da fase final como Baroña (Calvo e Soeiro, 1986), pero a súa orixe hai que situala a partir do S. IV a.C.; polo menos na bacia média do Ulla. Na área meridional castrexa aparecen máis esporádicamente nalgúns zonas, como se comprova ao examinar as cerámicas de castros como o de Vigo (Hidalgo, 1983) ou Sta. Trega (Peña, 1986), datados na mesma época. Noutras, en cambio, como no castro de Barbudo (Martins, 1989: 99) e a citânia de S. Julião (Martins, 1988: 186), son moi frecuentes durante o S. I a.C.; e inicios do S. I d.C., aínda que xa estaban xeneralizados desde moito antes.

Os restantes bordes teñen unha personalidade menor, aínda que algúns (Fig. 6, 28-29) tamén se rexistran frecuentemente en castros de cronoloxía centrada no cambio de era, como S. Cibran das Lás (Pérez, 1985: 225), S. Millan (Rodríguez e Fariña, 1986: Fig. 15-16) ou Sta. Trega (Peña, 1986: Fig. 13).

Compre destacar por último, a presenza no Marco dunha doa de pasta vítrea con decoración oculada, polo seu carácter alóctono. Se ben estes produtos mediterráneos presentan xeralmente unha cronoloxía anterior, como se documentan no castro de Sto. Estevão da Facha (Almeida, e outros, 1981: 70), tamén se rexistran por exemplo en S. Cibran das Lás (Pérez, 1985: 236) en niveis dos séculos I a.C. a II d.C.

As datacións de C-14 obtidas para o castro do Marco coinciden plenamente coa cronoloxía resultante da análise dos materiais arqueolóxicos, aínda tendo en conta o importante desvío patrón daquelas nunha etapa protohistórica na que se esixen valores máis cortos. O feito de que as mostras datadas por radiocarbono fosen recollidas, unha, sobre o desmoronamento das terras da muralla, e outra, por riba do nivel de ocupación, localizado no sector excavado, non significa necesariamente que esteamos ante unhas datas *ante quem*. Tanto a lectura estratigráfica, como a non carbonización, segun cremos, das mostras *in situ*, permiten pensar que as datas de C-14 2.030 ± 50 B.P., e 2.050 ± 50 B.P., pertencen a un momento de habitación do xacemento.

O comenzo do povoado do Marco hai que fixalo, por conseguinte, entre a primeira metade do S. II a.C., e comenzos do seguinte. En cambio, o momento do seu abandono non está tan claro, debido á presenza de sómente dous fragmentos de cerámica común romana pouco clarificadores. Estes poden corresponder á etapa republicana inmediatamente anterior a conquista, ou a dispóis

desta. A ausencia dunha maior cantidade de materiais romanos, xunto ás formas tradicionais que presentan as cerámicas castrexas, inclina a pensar que o castro do Marco foi abandonado con anterioridade ao cambio de era ou inmediatamente despois deste, aínda que isto non se poida afirmar con rotundidade. En conclusión, a vida do castro non parece sobrepasar a duración de un ou dous séculos.

CASTRO DE CARTIMIL

Devido aos condicionantes impostos pola vexetación, o lugar e a área de excavación non foron escollidos con enteira liberdade. No recinto superior excaváronse dúas cuadrículas de 2x2 m., situadas moi próximas (Fig. 3), mentras que no inferior se realizaron catro sondaxes das mesmas dimensións, aínda que máis distanciadas entre si.

A superficie total excavada é moi reducida en comparación ao tamaño do poboado, pero, pode resultar representativa nalguns aspectos.

Estratigrafía e restos arquitectónicos

Os únicos restos de construcións documentados na excavación apareceron na cuadrícula A-1 do recinto superior, aínda que en bastante mal estado de conservación. Trátase da cimentación dun muro de pedra aparentemente rectilíneo que atravesa diagonalmente a cuadrícula (Fig. 8). Unicamente se conserva unha fiada de pedras, e descoñécese a súa anchura.

En nengun dos dous recintos se puido excavar a muralla defensiva, polo que non se coñece a súa estrutura interna, nen as súas dimensións reais.

A potencia estratigráfica non é moi grande en nengun dos sectores excavados nos dous recintos do castro. Nos cuadrados A-1 e A-2 os niveis arqueolóxicos superiores encóntranse bastante alterados polo arado e os traballos agrícolas. A potencia estratigráfica deste sector do recinto superior oscila entre 75 e 90 cm., e distínguense tres capas (Fig. 8):

- CAPA 1: Terra húmida superficial, solta, de cor castaño escuro, practicamente sen pedras. É un nivel claro de laboreo agrícola actual. Posúe un espesor comprendido entre 27 e 35 cm. Recolleuse cerámica indíxena e comun romana, anacos de ímbrice, un cravo de ferro e unha placa de pedra perforada.

- CAPA 2: Terra solta, de cor castaño, con carboncillos e algunhas pedras pequenas e medianas. Presenta unha potencia estratigráfica variábel entre 32 e 50 cm. Aparece cerámica indíxena e comun romana, tégulas, ánforas romanas, cravos de ferro, unha moa de muiño circular, unha placa de pedra con buracos, e landras carbonizadas.

- CAPA 3: Terra máis compacta, de cor castaño negruzco, con moitos carboncillos e cinzas. Ten un grosor reducido (entre 5 e 12 cm.). Aparece unicamente no cuadrado A-1. Trátase dun nivel de ocupación claro, con restos de

lume (¿incendio?) por toda a cuadrícula. Aparece cerámica indíxena, un pé de muíño circular e un cravo de ferro.

Na parte superior deste nivel da cuadrícula A-1 foi recollida unha mostra de carbón vexetal (coordenadas: $x=0'10$, $y=0'55$, $z=-1'00$ m.) para a súa datación por C-14 no Instituto de Química Física «Rocasolano»: CSIC-792: 2.040 ± 40 B.P. (90 a.C.). Data calibrada: 170 a.C.-35 d.C. (Carballo e Fábregas, 1991: 253).

Por debaixo da capa 3 na cuadrícula A-1, e da capa 2 na cuadrícula A-2, aparece un nivel natural de terras amarelentas, produto da alteración da rocha base. Na parte superior deste nivel natural, na cuadrícula A-1, e selado pola capa 3, aparece a cimentación do muro de pedra anteriormente mencionado.

A estratigrafía do sector excavado no recinto inferior é bastante simple, xa que non se localizaron nen pavimentos, nen construcións ou derrumbes destas. Ao igual que no recinto superior, a súa potencia tampoco é grande (inferior a 1 metro). Apréciense unicamente dúas capas (Fig. 9):

- CAPA 1: Terra húmica superficial, solta, de cor castaño escuro, e con pequenas pedras. O seu espesor varia de 7 a 42 cm. No cuadrado B-1 unicamente existe este nivel; debaixo aparece a rocha base (granito). Recolleuse cerámica indíxena, ánfora romana, fragmentos amorfos de ferro, e unha añaadeira de pedra.

- CAPA 2: Terra solta de cor castaño, con algunhas pedras pequenas e grandes. Este nivel vaise aclarando en profundidade sen poder distinguirse do nivel natural inferior de terras amarelentas, produto da alteración da rocha base (xisto, nas cuadrículas B-2 a B-4). Esta capa posúe unha potencia comprendida entre 5 e 35 cm. Aparece cerámica indíxena e común romana, ánfora romana, un denario, cravos de ferro, e algúns artefactos de pedra. Na cuadrícula B-4, este nivel é estéril.

Materiais arqueolóxicos

O material do castro de Cartimil é máis abundante e variado có do Marco, como xa se dixo; sobre todo, tendo en conta que a superficie excavada é menor.

A inmensa maioría da cerámica de Cartimil é de fabricación indíxena; pero, tamén aparece representada de forma moi significativa a cerámica romana, en todos os niveis dos dous sectores excavados, salvo na capa 3 da cuadrícula A-1. Entre a cerámica romana predominan as ánforas (16 fragmentos), fronte as cerámicas comúns de cociña ou de mesa (9 fragmentos). Non se rexistra ningunha cerámica de «luxo» (terra sigillata, etc.).

Como é habitual, a cerámica común romana presenta unha técnica máis coñecida que a indíxena. As pastas son habitualmente finais, aínda que tamén se aprecian desengordurantes de calibre medio e basto. A cor das pastas denota o emprego tanto dunha cocción reductora como oxidante. As superficies externas destes vasos presentan un tratamento coidado, ben sexa mediante un engobe, ben sexa cun acabado brunido ou alisado. Nalgún caso aparece un barniz exterior de cor laranxa.

As únicas formas recoñecíbeis da cerámica común romana son moi simples. Merecen ser destacados un borde dunha cunca de 20 cm., de diámetro (Fig. 10, 2) e un vasiño que mostra un grafito (Fig. 13, 127). Dentro das decoracións, unicamente se rexistran cordóns (Fig. 10, 26), acanaladuras (Fig. 13, 126), e liñas incisas (Fig. 13, 125).

Entre os fragmentos de ánfora romana rexístranse dúas asas (Fig. 12, 81 e Fig. 14, 145), tres bordes (Fig. 14, 146-148), e un pivote; todos pertencentes á forma Haltern 70. Posúen unha pasta de cor beige alaranxado, con desengordurante de calibre medio o basto.

A cerámica castrexa, a diferenza da romana, nunca presenta sinais de torno, salvo algun caso excepcional. Aproximadamente un tercio das cerámicas foron cocidas nun ambiente oxidante, aínda que, en xeral, manifestan unha cocción irregular. Predominan nas súas pastas os desengordurantes de calibre basto, fronte ao fino ou medio. O tratamento máis frecuente da superficie externa dos vasos é mediante un alisado simple ou afinado (53 %), aínda que tamén abundan os acabados espatulados (27 %) ou cepillados (15 %) e, en menor medida, os brunidos (5 %).

Dentro das técnicas decorativas é maioritaria a plástica (42 %), seguida da brunida (31 %) e da estampillada (16 %) e, a maior distancia, tamén esta presentes a incisa (7 %) e a anacalada (4 %). Entre a decoración plástica, os motivos principais son os cordóns de desenvolvemento horizontal, xa sexan de sección apuntada (Fig. 10, 7, 29 e Fig. 12, 84) ou redondeada (Fig. 12, 83, e Fig. 13, 138-139).

En menor medida, aparece a decoración de perlas (Fig. 10, 24 e Fig. 13, 122) ou de mamelóns (Fig. 13, 137-138).

Máis das tres cuartas partes da decoración brunida presenta uns motivos de liñas reticuladas (Fig. 10, 8 e 32-35), aínda que tamén se rexistran liñas verticais paralelas (Fig. 10, 37 e Fig. 13, 117).

A decoración estampillada varía substancialmente os seus motivos: círculos secantes, triángulos opostos e alternos (Fig. 10 e 24), eses simples (Fig. 10, 25 e Fig. 13, 119), e ondulados e sigmas (Fig. 13, 121). Un único exemplar ofrece unha serie de liñas puntilladas paralelas (Fig. 13, 120).

En cambio, tanto a decoración acanalada como a incisa é moi sinxela. Da primeira, só se documentan acanaladuras horizontais (Fig. 10, 6 e Fig. 13, 124). Entre a segunda, merecen destacarse as liñas incisas verticais que presentan dous bordes pola súa cara externa (Fig. 10, 23).

Por último, compre incluír entre as decoracións tres fragmentos cun baquetón á altura do ombro (Fig. 10, 27 e Fig. 13, 118), e a substitución das liñas brunidas, referenciadas anteriormente, por outras espatuladas, pero mostrando os mesmos motivos (Fig. 19, 35 e Fig. 11).

Unicamente dous vasos poden ser reconstruídos case na súa totalidade. Un deles é un recipiente de grandes dimensións (Fig. 11), que, a pesar de presentar restos de fulixe adheridos á superficie externa, non parecen ter unha función de cociña. As súas dimensións (58 cm., de diámetro na panza, e unha altura semellante) e a ausencia de asas, inclinan máis ben a pesar que se trata dun reci-

piente de almacenaxe. Apareceu no nivel de ocupación inferior (capa 3) do cuadro A-1.

Entre as cerámicas castrexas son absolutamente maioritarias as formas cerradas, se ben, en comparación co castro do Marco, aparecen máis cuncas ou vasos abertos (un 13 %). Éstes, non obstante, presentan uns bordes completamente diferentes uns dos outros (Fig. 10, 1-2; Fig. 12, 90; e Fig. 13, 135).

Os bordes teñen maioritariamente unha forma simple esvasada co lábio redondeado (47 %), ou ben unha liña aristada interna (31%). Os primeiros posúen, non obstante, moitas variantes (Fig. 10, 3-4 e 18-19; e Fig. 12, 94-99), das que compre salientar pola súa unidade formal, aqueles que presentan un labio lixeiramente engrosado (Fig. 10, 14; Fig. 11; e Fig. 12, 91). Entre os bordes cunha liña aristada interior, existen tamén variantes no tamaño e na disposición desta (Fig. 10, 5 e 20-23; Fig. 12, 89 e 100-103).

Hai que destacar neste conxunto cerámico un fragmento (Fig. 12, 79), que se aparta dos restantes pola súa complexidade formal.

Os fondos dos vasos cerámicos son sempre de base plana, coa zona de transición ao corpo de forma convexa, ou lixeiramente cóncava. Non se rexistra ningunha base realizada. Unicamente apareceron tres asas: dúas de sección circular (Fig. 12, 112) e unha subrectangular (Fig. 14, 142).

Non se aprécian diferencias formais ou decorativas entre as cerámicas aparecidas nas diversas capas, nen tampouco entre as do recinto superior e inferior do castro. Forman, por tanto, un conxunto moi unitario.

Apareceron varios fragmentos de ferro en ambos os dous recintos do castro, algúns sen forma definida. Catro deles son cravos de sección cuadrada e cabeza discoidal (Fig. 10, 11), cunha lonxitude variábel de 5 a 10 cm. Non se localizou, en cambio, ningún obxecto en bronce, ou noutro metal.

Os artefactos pétreos son moito máis numerosos que no castro do Marco. Comprouse destacar as placas de talco-tremolita con un ou máis buracos de perforación (Fig. 13, 130), das que se descoñece a súa funcionalidade, e dous muiños circulares de mo.

Por último, apareceron algunhas landras na cuadrícula A-1, e un denario de Augusto na capa 2 do cuadrado B-3.

Interpretación dos datos

Xa se dixo máis arriba que o castro de Cartimil ocupa un emprazamento topográfico moi semellante ao do Marco, na parte inferior dunha ladeira de pendente suave. As súas condicións naturais de defensa son igualmente escasas, posto que a súa altitude relativa respecto ás terras circundantes, e a visibilidade destas, é máis ben reducida. En cambio, o sistema defensivo artificial, sen cobrar unha grande envergadura, é máis complexo có do Marco, ao agregarlle á muralla do recinto superior dous foxos e un parapeito exterior, no lado máis desguarnecido naturalmente. Con todo, o castro de Cartimil, como o do Marco, non destaca pola súa condición defensiva.

Outra coincidencia do castro de Cartimil co do Marco é a escasa cantidade de

construcións descubertas; se ben aquel parece estar moi alterado polos traballos agrícolas. Unicamente se localizou un muro arrasado no recinto superior; pero, nen aí, nen no recinto inferior aparecen derrumbes que induzan a pensar na existencia de construcións nas proximidades dos sectores excavados. Esta evidencia contrasta, en cambio, coa abundancia de restos cerámicos aparecidos nalgunha cuadrícula.

A presenza de tégulas (Fig. 10, 13) na capa 2 das cuadrículas excavadas no recinto superior é unha testemuña, seguramente, da existencia de construcións nese sector. O que non se pode afirmar, non obstante, é que esas tégulas correspondan á hipotética construción da que formaríase parte a cimentación do muro localizada no mesmo lugar, xa que ésta se rexistra nun nivel inferior.

A idea que se ven expoñendo dunha ocupación máis intensa do castro de Cartimil que o do Marco, baséase fundamentalmente no feito de que os materiais arqueolóxicos aparecidos naquel, duplican en número aos deste, cando o volume de terras excavado é aproximadamente as tres cuartas partes. Este dato, por outra parte, non parece ser unha cuestión do azar.

Xunto á abundancia en materiais arqueolóxicos do castro de Cartimil, hai que indicar tamén a maior variedade e «calidade» dos mesmos. Así, o superior número de artefactos pétreos, a presenza de restos metálicos e de materiais alóctonos, como as ánforas e, posiblemente, algunha cerámica común romana, poden ser interpretados como un indicio da existencia dalgún tipo de xerarquía dos asentamentos ou de especialización de funcións, no caso de ser contemporáneos. Isto último, non obstante, non deixa de ser unha hipótese non contrastábel a través da pequena superficie excavada.

O conxunto de cerámica indíxena do castro de Cartimil presenta unha forte unidade coa do Marco. Case todas as formas cerámicas e a maior parte das decoracións, son iguais en ambos povoados. Así, por exemplo, tanto a decoración brunida, como a plástica de liñas de perlas (Fig. 10, 24 e Fig. 13, 122) ou a estampilla de sigmas, están presentes igualmente no castro do Marco. Tamén as decoracións de liñas incisivas verticais na parede exterior de dous bordes de Cartimil (Fig. 10, 23) se rexistra no Marco, aínda que asociada a formas algo diferentes.

A decoración de cordóns horizontais, tanto de sección redondeada como apuntada, non sendo orixinarios da fase final da cultura castrexa, están presentes nela. En San Cibrán das Lás apareceron ambos (Pérez Outeiriño, 1985: 223) nun contexto cronolóxico do S. I a.C., ao S. II d.C. Outro tanto sucede cos mameións realizados con molde (Fig. 13, 137), porque datándose no veciño castro de Cortegada entre os séculos IV e II a.C., tamén aparece noutros castros como Vigo (Hidalgo, 1985: 17) ou Viladonga (Arias, 1985: 31-35), nunha etapa posterior.

É na cerámica estampillada onde se aprecia unha maior variedade de motivos respecto ao castro do Marco. Aparece, como neste povoado, algun motivo de sigmas estampadas, pero tamén outros que, aínda que gardan certo parentesco, hai que definir como ondulados verticais. Éstos son frecuentes na fase final de castros como Vigo (Hidalgo, 1983: 57) ou San Cibrán das Lás (Rodríguez

Puentes, 1986), entre outros. En todos os casos a súa cronoloxía parece ser posterior ao S. II a.C. (Rodríguez Puentes, 1986: 210).

Algo semellante sucede coas eses estampadas simples de formas evolucionadas (Fig. 10, 25 e Fig. 13, 119), pois, se ben o motivo, en esencia, surge en torno ao século IV a. C., a súa transformación a variantes menos perfeccionadas acaece entre os séculos I a.C. e I d.C. Esta decoración aparece en castros desa cronoloxía como Monte Mozinho (Soeiro, 1984: est. XVII), Vigo (Hidalgo, 1985: 22) ou Sta. Trega (Peña, 1986: 58).

Outro motivo estampado é o que ofrece un único fragmento de Cartimil (Fig. 10, 24), cunha faixa horizontal de triángulos opostos polo vértice e alternos. Esta decoración que se diu en chamar confusamente pseudoexcisa ou máis erroneamente excisa (Romero Quiroga, 1974-75), é coñecida noutros castros da bacía media do Ulla (Bouza, 1944: 29; Carballo, 1986: 104). Nos xacementos onde aparece contextualizada, como Vigo (Hidalgo, 1981: 16), Monte Mozinho (Soeiro, 1984: est. XV) ou San Cibrán das Lás (López Cuevillas, 1926: Fig. 15), ofrece frecuentemente unha cronoloxía dos séculos I a.C. e I d.C. se ben xa se rexistra con algunha anterioridade (Silva, 1986; Rodríguez Puentes, 1986). Por outra parte, estes motivos na subárea meridional castrexa aparecen normalmente cunha semiesferilla no seu interior, como por exemplo nos dous derradeiros castros arriba citados.

No mesmo fragmento de cerámica (Fig. 10, 24), a decoración comentada está asociada a unha banda de círculos impresos secantes, para a que non existen paralelos no Noroeste peninsular.

Entre os bordes cerámicos, son moi frecuentes os que posúen unha liña aristada interna, datados como xa se dixo ao examinar os aparecidos no castro do Marco, a partir do S. IV a.C. na bacía media do Ulla, con pleno uso até despois do cambio de era. O outro tipo de bordes maioritarios non é característico dunha zona ou dunha etapa específica. En concreto, os bordes lixeiramente engrosados no labio (Fig. 10, 14) están documentados, por exemplo, durante o S. I a.C. e a primeira metade do S. I d.C., no castro do Lago (Martins, 1988a: 95), pero xa tiñan surxido e se xeneralizaran nalgunha zona con bastante anterioridade.

Salvo as ánforas, a cerámica común romana, debido á súa escasez e fragmentación, non aporta unha información substancial. As ánforas son no seu conxunto da forma Haltern 70, aínda que presentan algunhas variantes. Esta forma é a máis frecuente entre as ánforas do N.W. hispánico, sendo datada entre a segunda metade do S. I a.C. e finais do S. I d.C. ou comezos do seguinte (Naveiro, 1984: 278). Precisamente no mesmo nivel onde se recolleron varios anacos de ánfora romana, apareceu un denario de Augusto acuñado en Lugdunum entre o 2 a.C. e o 14 d.C. (R.I.C.; 90).

A data de C-14 dunha mostra recollida no nivel inferior da cuadrícula A-1 concorda plenamente cos resultados obtidos da secuencia estratigráfica e da análise das cerámicas, aínda que hai que matizar. En primeiro lugar, a data de C-14 2.040 ± 40 B.P., pertence ao nivel de ocupación inferior do recinto superior, onde non se recolleu nengunha cerámica romana, aínda que si no inmediatamente superior. As cerámicas indíxenas dese nivel poden pertencer tipoloxicamente á

fase final da cultura castrexa, aínda que non son especialmente significativas. En segundo lugar, ao avaliar a data de C-14 en base ao seu desvío patrón e ao calibrado, existe un abanico de probabilidades amplo que, se por unha banda, permite aceptala plenamente, por outra, non precisa máis os resultados cronolóxicos obtidos da tipoloxía comparada.

O nivel de ocupación inferior rexistrado unicamente na cuadrícula A-1, cubre os cimentos dun muro de pedra que se localiza no solo natural. Existe, por conseguinte, unha fase de ocupación do castro anterior; pero, ésta non pode ser datada, debido á destrución do muro e do nivel de funcionamento deste. En calquer caso, o rexistro estratigráfico permite pensar que esa primeira ocupación é moi pouco anterior no tempo á seguinte.

En resumo, a traves da superficie excavada pódese afirmar que a ocupación máis antiga do castro de Cartimil está localizada unicamente no recinto superior, e comprende todo o S. I a.C., sen descartar en absoluto o seu inicio no século anterior. O segundo nivel de ocupación —moi alterado— xeneralízase aos dous recintos do poboado, sendo datado quizais dende fins do S. I a.C. e durante parte do S. I d.C. O final do xacemento non pode ser situado con precisión; na nosa opinión non debe sobrepasar a metade do S. I d.C. Básase esta opinión nos seguintes datos: 1) se ben as ánforas romanas poden chegar até comezos do S. II d.C., a súa cronoloxía arranca do S. I a.C.; 2) a cantidade de cerámica común romana atopada é moi escasa, en relación con outros castros habitados até o S. II d.C.; 3) a ausencia de terra sigillata; e 4) as formas das cerámicas indíxenas manifestan un forte grao de conservadurismo. Con todo a superficie excavada no xacemento é aínda moi reducida; de aí que esta interpretación sexa en boa medida provisional.

Con datos actualmente dispoñíbeis, o castro de Cartimil sofre en torno ao cambio de era un aumento da súa superficie e, moi provabelmente, da súa poboación, ao se construír un segundo recinto de maiores dimensións que o antigo. Mentras éste apenas chega ás 0'50 Ha., ao agregarlle o novo, o conxunto supera as 2 Ha.

En base aos argumentos expostos, parece moi provábel que os castros do Marco e de Cartimil sexan contemporáneos, polo menos durante unha boa parte do S. I a.C., o que plantea algúns problemas que seran tratados seguidamente.

RESULTADOS

Tense insistido, por unha banda, na corta distancia (300 m.) que separa aos castros do Marco e de Cartimil, e por outra, na probabilidade de que éstos se desenvolvan sincrónicamente, polo menos nunha parte da súa existencia.

A conxunción dos factores cronolóxico e locacional dos dous povoados plantea unha serie de interrogantes á hora de tratar de explicar algúns aspectos de importante relevancia política e socioeconómica. Esta variabilidade de interpretacións acrecéntase polo feito de non poder datar con absoluta precisión o inicio

e o final de ambos castros, cando se require coñecer a súa contemporaneidade nun intre ou momento concreto.

Desde un punto de vista cronolóxico existen dúas posibilidades: 1) que o Marco e Cartimil sexan contemporáneos só a inicios do S. I a.C., e 2) que tamén en torno ao cambio de era os dous asentamentos se encontren habitados. No primeiro suposto —moi provábel—, estaría ocupado todo o recinto amurallado do Marco (0'69 Ha., de superficie), pero seguramente só o recinto superior de Cartimil (0'47 Ha., de superficie). No segundo —máis improvábel—, aumentaría unicamente a superficie habitada do castro de Cartimil aos dous recintos (2'18 Ha.) que se observan na actualidade.

Expostos os problemas, planteáanse varias interpretacións para a proximidade dos castros do Marco e de Cartimil:

1. Se os dous povoados son contemporáneos a comezos ou durante a primeira metade do S. I a.C., resultaría moi improvábel que gozasen dunha autonomía política e económica. Havería que pensar, entón, en determinado grao de unión das dúas comunidades, sobre todo tendo en conta que ambos castros ocupan un emprazamento e unha posición xeográfica iguais, e que os materiais aparecidos nas excavacións son semellantes. Non existirían, por tanto, datos para plantear a xerarquía dun asentamento sobre o outro.
2. Se os dous castros son contemporáneos tamén ao redor do cambio de era, si se podería plantear certa dependéncia no político e no económico do castro do Marco respecto ao de Cartimil, ou ben unha especialización das funcións dos asentamentos. Esta posibilidade estaría fundamentada, en primeiro lugar, no tamaño moi superior de Cartimil sobre O Marco nese momento, e en segundo lugar, na maior cantidade e variedade de materiais aparecidos na excavación do primeiro, con produtos procedentes do intercambio a longa distancia³.
3. Hai que admitir, por último, dado que os datos non permiten descartalo totalmente, a posibilidade —remota— de que os dous castros non sexan contemporáneos, senón que se sucedan no tempo. Entón, tras o abandono do castro do Marco, surxiría o de Cartimil. Neste caso, non parece existir nengunha razón lóxica que explique o fenómeno, xa que se, por unha parte, o emprazamento xeográfico que ocupan ambos povoados, como xa se dixo, é idéntica, por outra, non se rexistra nengunha destrución, ou abandono súbito do castro do Marco.

En calquera caso, pero, sobre todo no primeiro, parece producirse unha concentración da poboación no castro de Cartimil en torno ao cambio de era e durante a primeira metade do S. I d.C.; momento en que sería levantado o segundo recinto deste povoado. Fenómenos semellantes de concentración da poboación en asentamentos estratéxicos sinalados para o Norte de Portugal

³ Hai que facer constar, non obstante, que esta argumentación se basa nunha superficie excavada relativamente pequena, sobre todo no castro de Cartimil.

(Silva, 1986: 43) e o N.W. de Zamora (Esparza, 1983-84: 143), a partir de finais do S. II a.C.

Provavelmente, no val do Deza, a concentración da poboación nalguns castros está motivada pola dominación romana, e a súa política de intromisión e paulatina transformación do sistema socioeconómico indíxena.

Os rasgos de cultura material dos castros do Marco e de Cartimil, que máis arriba se indicaron, definen perfectamente no val do Deza, a fase final da cultura castrexa, tal e como é concebida pola maioría dos autores (Fariña, 1983: 123; Silva, 1986: 43; Martins, 1988c), aínda que presenta algunhas diferéncias respecto a outras rexións do Noroeste Peninsular. En primeiro lugar, hai que destacar a ausencia de importantes formas cerámicas, como son, por exemplo, as fontes con asas interiores e os vasos con asas en orella, características dos castros do Sur de Galiza e do Norte de Portugal, e dos bordes reforzados propios das Rías Baixas (Carballo, Naveiro e Rey, 1988: 172-173). En segundo lugar, non existen castros de tan grandes dimensións como algúns da subárea meridional da cultura castrexa. Por último, en comparación con esta derradeira zona, apreciase unha densidade de habitación dos povoados moito menor.

A través fundamentalmente da cerámica, obsérvase que os castros do val do Deza están máis relacionados cos da provincia da Coruña que cos do Sur de Galiza ou do Norte de Portugal. Desde ese punto de vista, a distinción entre unha rexión septentrional e outra meridional, coincidente en grandes liñas coa división dos conventos lucense e bracarense (Almeida, 1986: 167) ten aquí un sentido nítido; pero, tampouco hai que esquecer que existen outras diferencias entre o litoral e o interior, de tal xeito que a rexionalización da cultura castrexa non é simple.

Outra cuestión digna de ser comentada é a relativa ao emprazamento topográfico dos castros do Marco e Cartimil. Como xa se dixo anteriormente, prima a localización en terreos con boa capacidade agrícola, sobre o factor defensivo. Estes castros teñen unhas condicións naturais de defensa moi reducidas, pero, as murallas e foxos non compensan ese inconveniente. Se comparamos este patrón de emprazamento co existente nos inicios da cultura castrexa, hai que pensar nun período de menor inestabilidade política ou social.

Para algúns autores (Almeida, 1984: 37-38) estes asentamentos deberían ser denominados «castros agrícolas», e surxirían a partir de mediados do S. I a.C., como consecuencia dun incremento da explotación agrícola e da política augústea de desdoblamento ou abandono dos castros localizados en puntos máis elevados e estratéxicos. Na nosa opinión, este modelo de ocupación do territorio é moi anterior e non pode obedecer por tanto ás causas apuntadas. No val do Deza, aparece a inicios ou mediados do S. IV a.C., como se documenta no castro de Cortegada (Carballo, 1990) e continua en vigor durante os séculos seguintes, até antes e despois do cambio de era (O Marco e Cartimil). Tamén no Norte de Portugal, o castro do Lago (Martins, 1989b: 11), que responde ao modelo sinalado, ten unha orixe no S. III a.C.

Por outra parte, o término «agrícola» pode inducir á confusión, ao ser excluínte. Sábese con claridade actualmente, a través dos restos carpolóxicos e das

análises polínicas, que a agricultura era unha das bases fundamentais da economía castrexa dende as suas orixes.

Outra das características especiais do emprazamento comentado é a súa localización en solos profundos de pendente suave ou moderada, que son moi aptos para a agricultura. Este é un dos atributos do emprazamento dos castros do Marco e de Cartimil que non posúen outros máis antigos.

Ben é certo que na excavación do Marco e de Cartimil non apareceron restos carpolóxicos que documenten os cultivos agrícolas, pero, no veciño castro de Cortegada, de cronoloxía algo anterior, recóllerónse sementes carbonizadas de cereais (trigo e cevada). Os tres castros ocupan o mesmo nicho ecolóxico, e están emprazados de forma idéntica. Por outra parte, as análises palinolóxicas realizadas en Cortegada, rexistran a presenza de cereais e de plantas asociadas aos cultivos, ao mesmo tempo que un meio moi desforestado (Aira, Súa e Taboada, 1989: 91-92).

Se a agricultura parece ter unha importancia básica na economía dos castros estudados, tampoco hai que esquecer que se segue practicando a recolección de frutos como a landra, testemuñada na excavación de ambos povoados. Non obstante, non existen probas de que tal actividade fose tan importante como pretenden algúns autores.

A través dos estudos petrolóxicos dos artefactos e ecofactos recollidos no Marco e Cartimil, chégase á conclusión de que a materia prima pétrea foi recollida na súa totalidade nas inmediacións destes castros, a menos de 1 Km. de distancia (Carballo e López, 1988: 283). Esta distancia, é por outra parte, a que pode definir de maneira teórica o territorio de explotación de recursos dos castros estudados, así como dos restantes da zona (Carballo, 1990), tendo en conta a visibilidade, a potencialidade económica e a distancia média entre os povoados.

O tamaño do suposto territorio de explotación de recursos é un argumento máis para pensar na unidade política dos castros do Marco e de Cartimil, no suposto citado da súa contemporaneidade, a non ser que se pense en territorios netamente excéntricos ou distorsionados; hipótese esta última que parece moi forzada para o caso que tratamos.

BIBLIOGRAFÍA

- AIRA RODRÍGUEZ, M.^a J.; SAA OTERO, P.; e TABOADA CASTRO, T., (1989): *Estudios paleobotánicos y edafológicos en yacimientos arqueológicos de Galicia*. Arqueoloxia/Investigación, 4. Santiago.
- ALMEIDA, C.A., FERREIRA de, (1974): «Cerámica castreja». *Revista de Guimarães*, vol. LXXXIV. Guimarães, pp. 171-198.
- ALMEIDA, C.A., FERREIRA de, (1977): *Escavações no Monte Mozinho*. II. 1975-76. Penafiel.
- ALMEIDA, C.A., FERREIRA de; ALMEIDA, C.A. BROCHADO de; SOEIRO, T.; e BAPTISTA, A.J., (1981): *Escavações arqueológicas en Santo Estevão da Facha*. Ponte da Lima.
- ALMEIDA, C.A., FERREIRA de (1984): «A casa castreja». *Memorias de Historia Antiga*, VI. Oviedo, pp. 35-42.
- ALMEIDA, C.A., FERREIRA de (1986): «Arte castreja. A sua lição para os fenómenos de assimilação e resistencia á romanidade». *Arqueologia*, 13. Porto, pp. 161-172.
- ARIAS VILAS, F., (1985): *Castro de Viladonga. Campaña 1983*. Arqueoloxia/Memorias, 2. Xunta de Galicia. Santiago.
- BOUZA BREY, F., (1944): «Castros de la comarca de La Estrada»- *Cuadernos de Estudios Gallegos*, I. Santiago, pp. 7-38.
- CALO LOURIDO, F.; e SOEIRO, T., (1986): *Castro de Baroña. Campañas 1980/84*. Arqueoloxia/Memorias, 6. Xunta de Galicia. Santiago.
- CARBALLO ARCEO, L.X., (1986): *Povoamento castrexo e romano da Terra de Trasdeza*. Arqueoloxia/Investigación, 2. Xunta de Galicia. Santiago.
- CARBALLO ARCEO, L.X.; NAVEIRO LÓPEZ, J.; e REY CASTIÑEIRAS, J., (1988): «Problemas de compartimentación espacial do castrexo galaico». *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, 28, fasc. 3-4. Porto, pp. 167-183.
- CARBALLO ARCEO, L.X.; e LÓPEZ COTA, M., (1988): «A área de abastecimento de recursos pétreos na cultura castrexa: o caso do val do Deza». *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, 28. Porto, pp. 275-290.
- CARBALLO ARCEO, L.X., (1990): «Los castros de la cuenca media del río Ulla y sus relaciones con el medio físico». *Trabajos de Prehistoria*, 47. Madrid, pp. 161-199.
- CARBALLO ARCEO, L.X.; e FÁBREGAS VALCARCE, R., (1991): «Dataciones de Carbono 14 para castros del Noroeste Peninsular». *Archivo Español de Arqueología*, vol. 64. Madrid, pp. 244-264.
- ESPARZA ARROYO, A., (1983-84): «Los castros de Zamora occidental y Tras-os-Montes oriental: habitat y cronología». *Portugália*, nova série, vol. IV/V. Porto, pp. 131-146.
- FARIÑA BUSTO, F., (1983): «Panorámica general sobre la cultura castreña», en PEREIRA, G. (Ed.): *Estudios de cultura castrexa de historia de Galicia*. Compostela, pp. 87-127.
- HIDALGO CUÑARRO, J.M., (1981): *El Castro de Vigo. Noticia preliminar de las excavaciones arqueológicas de 1981*. Publicaciones del Museo Municipal «Quiñones de León», n.º 5. Vigo.
- HIDALGO CUÑARRO, J.M., (1983): *Excavaciones arqueológicas en el Castro de Vigo*. Publicaciones del Museo Municipal «Quiñones de León», n.º 6. Vigo.
- HIDALGO CUÑARRO, J.M., (1985): *Castro de Vigo. Campaña 1983*. Arqueoloxia/Memorias, 1. Xunta de Galicia. Santiago.

- LÓPEZ CUEVILLAS, F., (1926): «A Citania do Monte A Cidade en San Ciprian das Lás». *Boletín de la Real Academia Gallega*, XV. A Coruña, pp. 7-13.
- MARTÍNS, Manuela (1988a): *O povoado fortificado do Lago, Amares*. Cadernos de Arqueología. Monografías, 1. Braga.
- MARTÍNS, M., (1988b): *A Citânia de S. Julião, Vila Verde*. Cadernos de Arqueología. Monografías, 2. Braga.
- MARTÍNS, M., (1988c): «A arqueología dos castros do Norte de Portugal: balanço e perspectivas de investigación». *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, vol. 28. Porto.
- MARTÍNS, M., (1989a): *O Castro do Barbudo, Vila Verde*. Cadernos de Arqueología. Monografías, 3. Braga.
- MARTÍNS, M., (1989b): «Algumas perspectivas da evolução do povoamento do vale do Cávado entre o 1º milénio a.C. e a romanização». Separata de *Cadernos do Noroeste*, vol. II.
- NAVEIRO LÓPEZ, J., (1984): «Un pecio romano en Cortegada (Villagarcía de Arosa)». *II Coloquio Galaico-Minhoto*, vol. 2. Santiago, pp. 273-283.
- PEÑA SANTOS, A. de la, (1986): *Yacimiento galaico-romano de Santa Trega. Campaña 1983*. Arqueoloxia/Memorias, 5. Xunta de Galicia. Santiago.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B., (1985): «Informe sobre las excavaciones arqueológicas de "A cidade" de S. Cibran das Lás (San Amaro-Punxín, Orense). Campaña de 1982». *Noticiario Arqueológico Hispánico*, n.º 22. Madrid, pp. 211-259.
- REY CASTIÑEIRA, J., (1983): «Dos hitos cronológicos en la cerámica castreña». *XVI Congreso Nacional de Arqueología* (Murcia-Cartagena, 1982). Zaragoza, pp. 443-450.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, X.; e FARIÑA BUSTO, F., (1986): «A Cidá do Castro de San Millán. Memorias de las excavaciones arqueológicas». *Boletín Auriense*, XVI. Ourense, pp. 39-89.
- RODRÍGUEZ PUENTES, E., (1986): *La cerámica estampillada castreña. Aportación a su estudio*. Tese de licenciatura, inédita. Universidade de Santiago.
- ROMERO QUIROGA, M., (1974-75): «Cerámica excisa en el N.W. de la Península». *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXIX. Santiago, pp. 287-293.
- SILVA, A. COELHO FERREIRA da (1986): *A cultura castreja Noroeste de Portugal*. Paços de Ferreira.
- SOEIRO, Teresa (1984): «Monte Mozinho. Aportamentos sobre a ocupação entre Sousa e Tâmega em época romana». *Penafiel. Boletín Municipal de Cultura*, 3ª serie, n.º 1. Penafiel.




FIGURA 1. Mapa de situación dos castros do Marco e de Cartimil no Noroeste peninsular.




FIGURA 4. Planta da excavación das cuadrículas D e E-15 do Castro do Marco.




FIGURA 5. Perfil estratigráfico Norte das quadriculas D-15 e E-15 do Castro do Marco.




FIGURA 6. Cerâmica do Castro do Marco.





FIGURA 7. Cerâmica do Castro do Marco.



A-1





FIGURA 8. Planta e perfil estratigráfico S.W. das cuadrículas A-1 e A-2 do Castro de Cartimil.




FIGURA 9. Perfis estratigráficos das quadriculas excavadas no recinto inferior do Castro de Cartimil.




FIGURA 10. Cerâmica do sector A do Castro de Cartimil.




FIGURA 11. Grande recipiente do sector A do Castro de Cartimil.




FIGURA 12. Cerâmica do sector B do Castro de Cartimil.




FIGURA 13. Cerâmica do sector B do Castro de Cartimil




FIGURA 14. Cerâmica do sector B do Castro de Cartimil.